

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO  
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE MAIO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vintetres de maio do dous mil dous; ás oito da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo. Non asiste Dona María José Escudero Estévez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA  
SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 25 DE ABRIL PASADO  
(Ordinaria).-**

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 25 de Abril pasado (Ordinaria).

**2.- DAR CONTA: A) DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA,  
SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 1 de marzo, sobre aboamentos.

Do 12 de marzo, 51, sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 1 de abril, sobre aboamentos.

Do 14 de abril, sobre aboamentos.

Do 19 de abril, sobre aboamentos

Do 22 de abril, sobre aboamentos.

Do 23 de abril, sobre aboamentos

Do 24 de abril, dúas, sobre aboamentos.

Do 25 de abril, dúas; unha sobre aboamentos e, outra, sobre concesión de licencias de obra e outros asuntos da súa competencia.

Do 26 de abril, dúas; unha sobre aboamentos e, outra sobre delegación de competencias da Alcaldía.

Do 29 de abril, sobre contratación Conserxe Casa Cultura.

Do 30 de abril, cinco; tres, sobre aboamentos e dúas sobre inclusión no Padrón de Habitantes.

Do 2 de abril, sobre aboamentos.

Do 2 de maio, dúas; unha, sobre paralización de obras e, outra sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 3 de maio, sobre aboamentos.

Do 6 de maio, dúas; unha, sobre aboamentos e, outra, sobre asuntos económicos.

Do 7 de maio, dúas; unha, sobre aboamentos e outra, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 8 de maio, catro; dúas, sobre paralización de actividades; unha, sobre aboamentos e outra, sobre asuntos económicos.

Do 9 de maio, tres; unha, sobre aboamentos; unha, sobre adquisición de compomiso de execución de obra civil; e, outra, sobre concesión de licencia de obras e materias da súa competencia.

Do 10 de maio, dúas; unha, sobre contratación de persoal e, outra sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 13 de maio, dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de maio, dúas; unha sobre contratación de persoal e, outra sobre aboamentos.

Do 16 de maio, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

**B) DESIGNACION DE CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.-**

O Pleno fica enterado da designación dos concelleiros do grupo municipal do P.P. integrantes das Comisión Informativas Permanentes quedando as mesmas compostas do seguinte xeito:

**1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, INCLUE XUVENTUDE.-**

Titulares: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Dominguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge e Don Francisco Xabier Carreira Sebío.

Suplentes: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Alonso Fernández.

**2.- COMISION DE SERVICIOS, MEDIO AMBIENTE, PERSOAL E REXIME INTERIOR, INCLUE POLICIA LOCAL E TRAFICO.-**

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Dominguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Dona Maria José Escudero Estévez, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebío.

**3.- COMISION DE OBRAS E URBANISMO.-**

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don José Prieto Pérez, Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebío.

**4.- COMISION DE CULTURA, TURISMO, EDUCACION, DEPORTES, SERVICIOS SOCIAIS E PARTICIPACION.-**

Titulares: Dona María Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Celso Sotelo Barroso, Don Antonio Dominguez Lorenzo, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebío.

Suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

**3.- APROBACION, SE PROCEDE, DA NORMATIVA PARA A ELABORACION DE LISTAS PARA A PROVISION TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 20 de Maio: "Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da normativa para elaboración de listas para a provisión temporal de postos de traballo do Concello, procedéndose de seguido o estudio das mesmas por todos os presentes, facendo as seguintes modificacións: na base 6.2, suprímese a publicación no D.O.G, engadíndose a publicación en dous medios comunicación de ámbito provincial, na base 6.5. establececese que a apertura de novas listas realizarase cada dous anos; en canto a base 7, baremo de méritos, establececese como puntuación máxima como desempregado, 3 puntos e na experiencia profesional establececese como puntuación máxima 2, 1,5 e 1,5 por servicios prestados no Concellos de Ribadavia, outras administracións e empresas privadas respectivamente. Finalmente no Anexo I. establececese os postos que se convocan que son os seguintes: Monitor Animador-Polideportivo, Profesor conservatorio e escola de música, Auxiliar administrativo, Bibliotecaria, Conserxe, Limpiador/a Edificios, Peón Limpieza Viaria, Peón Vias e obras, Peón Apoio Servicio municipal de deportes, Electricista e Fontaneiro.

De seguido, sométese a votación ordinaria a proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Grupo Mixto); reservanse para o pleno os membros do P.P. e B.N.G.- Por conseguinte por maioría, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto para mostra-la súa conformidade coa proposta e modificacións prantexadas.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para manifestar que o seu grupo está fundamentalmente de acordo coa proposta se ben quere propoñer dúas modificacións; unha primeira, relativa á puntuación por mes desempregado, xa que pensa que 0,01 e moi pouco, propoñendo 0,10 por mes desempregado ata un máximo de 3 puntos; por outra banda, propón substituí-los

criterios establecidos para dirimi-lo empate entre varios aspirantes, establecendo o criterio de que prime en primeiro lugar, o ser muller e en segundo lugar a maior antigüidade coma desempregado.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifesta-lo seu apoio convencido a esta proposta xa que a mesma saiu das aportación de tódolos grupos e porque recolle a filosofía aprobada polo Pleno desta Corporación no senso de que os postos se cubran por convocatoria pública existindo un baremo público e obxectivo; di tamén, que lle parece un logro histórico no Concello, o cal pon ó Concello ó lado das administración públicas máis vanguardistas. Finaliza a súa intervención solicitando que este acordo vaia máis desta lexislatura e que sirva de pauta para tódalas contratacións que se realicen no futuro no Concello.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que o seu grupo reservouse na comisión para estudia-las modificacións propostas; di que está de acordo coa devandita normativa e coas modificacións propostas polo Sr. Alonso Fernández. Finaliza a súa intervención manifestando que espera que dita normativa perdure no tempo e para que todos sexamos comprensivos para analizar aquelas cuestións que se vexa que se deben modificar.

Tódolos presentes manifestan a súa conformidade ás modificacións prantexadas polo Sr. Fernández Alonso, polo que, as mesmas incorporaranse ó texto definitivo.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a proposta coas diversas modificacións prantexadas, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a devandita normativa.

De seguido procedese a transcripción do texto definitivo das bases aprobadas: "**Normativa pola que se regula a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballos no Concello de Ribadavia.**"

Norma 1ª.- Obxecto.

O obxecto da presente normativa é regula-la convocatoria e elaboración de listas con aquelas persoas interesadas na cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo dos grupos e categorías da Administración do Concello de Ribadavia, que se especifican no anexo I, nos que a súa cobertura se considere de urxente necesidade, mentres non sexan ocupadas polo correspondente persoal fixo.

Norma 2ª.- Listas.

Para cada grupo e categoría dos que figuran no Anexo I, elaborárase unha lista para o persoal laboral ó servizo do Concello de Ribadavia.

Cada interesado/a poderá presentar solicitude para ser incluído nunha ou máis listas. A súa orde de prelación virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo. Unha vez chamado para prestar servizos nunha das listas elixidas e logo da aceptación do posto de traballo, será excluído das demais listas.

Norma 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.1.- As solicitudes que presenten os interesados para a súa inclusión na correspondente lista dirixiranse á Comisión de selección de contratacións laborais temporais do Concello de Ribadavia (Concello de Ribadavia, Pza. Maior) e axustaranse ó modelo que se inclúe nesta convocatoria.

3.2.- A apertura da convocatoria e prazo para a presentación de solicitudes serán os 30 días hábiles seguintes contados dende a publicación desta normativa no BOP e poderanse formular perante o Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia.

Teléfonos de información: 988-477100.

Norma 4ª.- Requisitos.

Os solicitantes deben reuni-los requisitos que para cada grupo e categorías lles determinan no anexo I.

Os devanditos requisitos deben pusuílos o último día do prazo para a presentación de solicitudes.

Asemade, terán que acreditar no momento no que acepten o posto de traballo que se lles oferte:

\* Ter cumpridos 18 anos.

\* Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.

\* Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

\* Estar en posesión do título esixido para o grupo e categoría a que se accede. No suposto de que non acrediten estes requisitos, os solicitantes decaerán en tódolos seus dereitos e quedarán excluídos da lista.

Norma 5ª.- Documentación.

Xunto coa solicitude deberán presenta-las seguintes fotocopias cotexadas:

DNI, cartón da Seguridade Social, informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa de vida laboral, declaración da renda ou certificación negativa da declaración da renda.

Os méritos que se invoquen polos interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, así como o requirimento dos requisitos esixidos para cada grupo e categoría que se solicite, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que se presentarán cotexadas, fidedignamente, debendo numerarse de acordo co modelo anexo significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data da publicación da presente convocatoria.

Norma 6ª.- Elaboración das listas.

6.1.- A Comisión de selección para a cobertura temporal de postos de traballo reservados ó persoal laboral, á que se refire a cláusula 7 das bases xerais para contratación, por concurso, de prazas en rexime laboral temporal aprobadas polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro do 2002, será a encargada de elabora-las listas correspondentes. A petición da Comisión de selección, poderán nomearse comisións colaboradoras, e as súas funcións serán participar na aplicación do baremo ós méritos alegados polos interesados/as. En tódalas deliberacións da Comisión de selección poderán estar presentes, con voz e sen voto, os asesores sindicais dos representantes legais dos traballadores/as.

6.2.- Unha vez elaboradas as listas, o Concello de Ribadavia, publicará no BOP e dous medios de comunicación de ámbito provincial, o anuncio de exposicións destas nos taboleiros de anuncios do Concello de Ribadavia.

6.3.- Os chamamentos realizaranse prelativamente, de acordo cos méritos baremados, por medio de telegrama. De non obterse resposta no prazo de 72 horas hábiles, chamarase ó seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

6.4.- A partir da publicación das listas, quedarán sen efecto calquera das anteriores que puideran existir.

6.5.- A apertura de novas listas realizarase cada dous anos. Cando nunha categoría se considere a necesidade de incluír novos aspirantes na lista xa aberta, reunirase previamente a Comisión, para estudar e, de se-lo caso, aproba-lo tema.

De ser necesaria a apertura de novas listas por grupos e categorías, das definidas no anexo I, realizaraa a Comisión de Selección.

Norma 7ª.- Baremo de méritos.

a) Circunstancias persoais:

\* Residencia habitual, cun mínimo de 6 meses de antigüidade, no Concello de Ribadavia (acreditada por medio de certificado municipal): 2 puntos.

\* Residencia habitual, cun mínimo de 6 meses de antigüidade, en calquera dos demais Concellos da Mancomunidade do Ribeiro (acreditada por medio de certificado municipal): 0,5 puntos.

\* Por cada mes acreditado como desempregado, por medio do correspondente informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social: 0,10 puntos (máximo 3 puntos).

\* Por cada persoa ó seu cargo, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante, cun mínimo de 6 meses de convivencia: 1 punto (máximo 2 puntos). (Copia da declaración da renda, informe da vida laboral emitido pola TXSS, certificado municipal de convivencia),

\* Por minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, superior ó 33%: 1 punto. (Certificado de grao de minusvalidez emitido pola Area de Servizos Sociais da Delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais).

\* Por minusvalidez dalgunha das persoas que vivan ó seu cargo, ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade, cun



mínimo de 6 meses de convivencia: 0,5 puntos. (Certificado de grao de minusvalidez emitido pola Área de Servicios Sociais da Delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, declaración da renda, informe de vida laboral, certificado de convivencia municipal).

\* Por tratarse do 1º emprego ó que o aspirante opta: 2 puntos. (Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social).

b) Experiencia profesional e méritos académicos:

\* Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral). Máximo, 2 puntos.

\* Por cada mes de servicios prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos ós últimos 5 anos: 0,15 puntos/mes. (Informe vida laboral e certificado de servicios prestados para esa administración ou contratos cotexados). Máximo 1,50 puntos.

\* Por cada mes de servicios prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos ós últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e certificado de servicios prestados para esa empresa). Máximo 1,50 puntos.

\* Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidade, INEN, FORCEM ou sindicatos e relacionado coas funcións propias da categoría: (máximo 2 puntos).

De 40 a 100 horas: 0,10 puntos por curso.

De 100 horas en diante: 0,20 puntos por curso.

\* Por posuír unha titular académica distinta a independente da requerida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso:

a) Título de doutor: 2,00 puntos.

b) Título de licenciados, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 1,50 puntos.

c) Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente: 1,00 puntos.

d) Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou equivalente: 0,50 puntos.

e) Graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente: 0,25 puntos.

Só se computará a titulación de máis nivel das alegadas.

\* Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

a) En grao de iniciamento: 0,50 puntos.

b) En grao de perfeccionamento: 0,75 puntos.

c) Curso de especialización: 1 puntos.

Só se concederá validez, polo que a acreditación do galego se refire, ós cursos e titulación homologados pola Xunta de Galicia.

De producirse empate na puntuación acudirase para dirimilo os seguintes criterios, pola orde prelativa establecida neste baremo (1º/Ser muller, 2º/Maior tempo como desempregado/a). De persisti-lo empate acudirase á suma global das circunstancias persoais e, en último termo, ateranse á maior idade do solicitante.

Norma 8ª.- Interpretación e normativa supletoria. A interpretación destas normas correspóndelle á Comisión de Selección. A normativa supletoria é a disposta para o mesmo asunto pola Xunta de Galicia no seu convenio e decretos de desenvolvemento.

#### **ANEXO I.**

Categoría; grupo; titulación; outros requisitos.

- Monitor Animador Polideportivo; II; Diplomado; Actividades deportivas ou Educación Física.

- Profesor Conservatorio e Escola de Música; II; Titulo de Grao Medio; Especialidades impartidas no Conservatorio e Escola de Música de Ribadavia.

- Bibliotecaria; III; Bachiller Superior ou Equivalente;-

- Auxiliar Administrativo; IV; Graduado Escolar ou Equivalente;-

- Conserxe; IV; Graduado Escolar ou Equivalente; -

- Electricista; IV; Graduado Escolar ou Equivalente; Carne de instalador oficial o experiencia mínima de tres anos.

- Fontaneiro; IV; Graduado Escolar ou Equivalente; Carne de instalador oficial o experiencia mínima de tres años.

- Limpiador/a Edificios municipais; V; Certificado de escolaridade ou equivalente;-

- Peón Limpeza viaria; V; Certificado de escolaridade ou equivalente;-

- Peón de vías e obras; V; Certificado de escolaridade ou equivalente;-

- Peón Apoio Servicio Municipal de Deportes; V; Certificado de escolaridade ou equivalente;-

**APELIDOS E NOME** \_\_\_\_\_

**D.N.I.** \_\_\_\_\_

Sinalar na columna da esquerda, cunha aspa (X), os que se aleguen e uni-los certificados ou xustificantes oportunos, segundo as bases publicadas.

**I.- CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS.**

\_\_\_ Residencia habitual no Concello de Ribadavia.

\_\_\_ Residencia habitual nos demais Concellos da Comarca.

\_\_\_ Estar desempregado.

\_\_\_ Por persoa a cargo, sen ingresos, que conviva co solicitante.

\_\_\_ Por minusvalidez do solicitante compatible.

\_\_\_ Por minusvalidez de persoas a cargo do solicitante.

\_\_\_ Por tratarse do 1º emprego ó que o aspirante opta.

**II.- EXPERIENCIA PROFESIONAL E MERITOS ACADEMICOS.**

\_\_\_ Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se pretende acceder.

\_\_\_ Por cada mes de servicios prestados noutras administracións na mesma categoría (5 anos últimos).

\_\_\_ Por cada mes de servicios prestados nas empresas privadas na mesma categoría (5 anos últimos).

\_\_\_ Por cada curso de formación ou perfeccionamento relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

De 40 a 100 horas.

De 100 horas en adiante.

\_\_\_ Por posuír unha titulación académica distinta á requirida.

a) Título de doutor.

b) Título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.

c) Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente.

d) Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou equivalente.

e) Graduado escolar, formación de 1º grao ou equivalente.

\_\_\_ Polo coñecemento acreditado do idioma galego.

a) En grao de iniciamento.

b) En grao de perfeccionamento.

c) Curso de especialización.

**SOLICITUDE DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA (ANEXO II).**

I.- Datos do solicitante:

APELIDOS \_\_\_\_\_

NOME \_\_\_\_\_

D.N.I. \_\_\_\_\_

ENDEREZO \_\_\_\_\_

POBOACION \_\_\_\_\_

CONCELLO \_\_\_\_\_

TELEFONO \_\_\_\_\_

Nº S.SOC. \_\_\_\_\_

II.- Solicita a súa inclusión na seguinte lista para a cobertura de postos de traballo con carácter temporal, ó abeiro da convocatoria aprobada polo Pleno do Concello.

Grupo do convenio: Categoría:

(sinalar cun X).

I II III IV V

III.- O/A solicitante declara que non lle afectan as incompatibilidades recollidas na convocatoria para a contratación temporal co Concello de Ribadavia.

IV.- Documentación que se achega:

Relatorio de méritos que alega: Anexo III.

Xustificantes requiridos dos méritos alegados.

Títulos académicos e profesionais requiridos.

Fotocopias cotexadas do DNI, declaración da renda.

Informe de vida laboral da TXSS ou certificacións negativas da AEAT e TXSS.

Ribadavia, de de 200

Sinatura.

**Ó PRESIDENTE DA COMISION DE SELECCION DE CONTRATACIÓNS  
LABORAIS TEMPORAIS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**

**4.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL  
DO PLANO ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTORICO DE  
RIBADAVIA.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado 20 de Maio: " Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, da conta da seguinte moción que de seguido transcríbese:

"DON CELSO SOTELO BARROSO, ALCALDE-PRESIDENTE ACCIDENTAL DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA, ten a ben presenta-la seguinte

#### M O C I O N

En relación coa tramitación do expediente relativo a Modificación Puntual do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia de acordo co acadado polo pleno deste Concello na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 22 de marzo e unha vez informado favorablemente pola Dirección Xeral de Urbanismo con data 24 de abril de 2002, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia.

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo dun mes dende a súa publicación no DOGA e nun dos xornais de maior circulación na provincia, en cumprimento do disposto no artigo 44/3ª da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do Solo de Galicia. Ribadavia, 20 de Maio de 2002".-

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade".

Sen necesidade de entrar en debate sométese a proposta transcrita a votación ordinaria obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal, para solicitar que se convoque a comisión de seguimento do P.E.R.I., para dar conta dunha solicitude de subvención de Unión Fenosa para o enterramento do cableado nas rúas do Casco Histórico.

#### **5.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo mocións de urxencia.

Neste intre, coa autorización do Sr. Alcalde, abandona o salón de sesión o concelleiro do B.N.G., Don Francisco Alonso Fernández.

De seguido acceden ó salón de sesión varios traballadores do sector de ataúdes integrantes do comité de empresa e un deles diríxese á Presidencia para manifestar que afortunadamente o conficto do sector está resolto, mostrando o seu agradecemento pola acollida que tiveron de tódolos grupos integrantes da Corporación Municipal.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** En relación coa moción sobre a Mancomunidade aprobada por este Pleno, manifesta que non se remitiu toda documentación solicitada polo que reitera que se solicite a remisión da mesma. Así mesmo, solicita que tódolos acordos, documentación, expedientes que se lle faciliten ós membros da Mancomunidade estean no Concello a disposición de tódolos concelleiros para a súa consulta.

**2º ROGO.-** En relación co novo edificio do Ambulatorio, solicita que se dirixa ó Sergas co obxecto de que un responsable de dito organismo explique ós membros da Corporación as características do solar e demais condicións.

**3º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que a comisión creada polo tema do cemiterio sirva para algo e solicita que a mesma se reúna cos técnicos para tratar de darlle saída a dita cuestión.

**1ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber cando se vai a convocala reunión do Patronato da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro, a cal foi solicitada polo seu grupo e aprobada polo Pleno desta Corporación.

Resposta o Sr. Alcalde: Intentará convocala no transcurso da semana que ven.

**2º PREGUNTA.-** Interésalle saber se a Mancomunidade remitiu ó Concello o resume anual do 2001, relativo ó custo dos servicios.

Resposta o Sr. Alcalde: Non ten coñecemento se o remitiu xa que estivo de baixa na Mancomunidade.

**3ª PREGUNTA.-** Solicítalle ó Sr. Alcalde que pida unha reunión ó Sr. Xerente de Xestur para que explique a tódolos concelleiros integrantes da Corporación, a situación do parque empresarial de Ribadavia.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** En relación co parque empresarial, di que no ano 92 asinouse un Convenio de cooperación entre o IGVS e o Concello, o cal ten graves incumprimentos, coma por exemplo que non se urbanizaron as 40 hectáreas previstas, que as fases deben ser aceptadas polo Concello, así mesmo di que o Concello asumirá os viais, zonas verdes, deportivas, espacio libre e terá dereito ó 15% das parcelas; di que no propio convenio recoñécese a participación do Concello na determinación dos prezos. Por todo isto di que o Concello é copropietario do parque e polo tanto debe tomar medidas para que se cumpra o convenio, polo que, pensa que existen razóns máis ca suficientes para que os responsables de Xestur ou do IGVS dean ó Concello as explicación pertinentes sobre a situación na que se atopa o parque empresarial, tratanto entre todos de relanzalo de xeito que sexa un parque competitivo. Finaliza a súa intervención reiterando a petición realizada na comisión informativa, solicitando ó Sr. Alcalde que poña esta cuestión coma prioritaria.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque as seguintes comisións que se atopan pendentes: Comisión de Cultura sobre diversas cuestións solicitadas pola anterior concelleira de Cultura e polo seu grupo; Comisión de Obras sobre o expediente de Dona Maria Antonia Ruíz Alvarez, relativo ás obras no entorno da Casa de Cultura; reunión co avogado para trata-lo tema do contencioso-administrativo do matadoiro; creación da Mesa de Contratación para a elaboración de pregos para a contratación de obras, servicios e subministros; constitución da comisión de veciños para o seguimento do expediente da minicentral do río Brull, en Francelos e a constitución da comisión para estudar e propoñer unha modificación dos Estatutos da Fundación Nosa Señora dos Anxos.

**3ª ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que poña a traballar ó Concelleiro de Facenda, en concreto na elaboración do presuposto, tema da negociación colectiva e planificación económica do Concello; en relación cos impostos día que haberá que buscar fórmulas para evita-la coincidencia de varios impostos establecendo un calendario do contribuínte; solicita que se traballe na realización do inventario de bens, catálogo de persoal, estudio das liquidacións da Mancomunidade e contas das festas e diversos actos culturais.



**1ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber porque durante o tempo de baixa do Sr. Alcalde o substituiu o 2º Tenente Alcalde e non o 1º.

Resposta o Sr. Alcalde: Ofreceuselle ó 1º Tenente Alcalde o cal non puido por motivos profesionais, polo cal delegouse a prol do 2º Tenente de Alcalde, quen ten adicación exclusiva ó Concello.

Don Xosé Prieto Pérez, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación dos seguintes rogos e preguntas:

**ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que nos vindeiros días se convocase unha Comisión de Cultura para dar conta das derradeiras actuacións culturais e festivas celebradas no Concello (Feira do Viño e outras). Finaliza a súa intervención manifestando a súa queixa polo feito que non se comunicase nada ós membros da Corporación sobre a organización dos actos do día das Letras Galegas.

**PREGUNTA.-** Reitera diversas cuestións solicitadas no derradeiro Pleno e á data de hoxe están sen solucionar e que son as seguintes: adopción das medidas oportunas para habilitar unha entrada ó edificio de Correos polo seu acceso principal, así coma tamén se reconsidera a ocupación da vía pública por parte da empresa adxudicataria das obras xa que o considera abusivo; adopción de medidas para evitar que circulen vehículos pola estrada do Consello-Quinza, tendo en conta a peligrosidade da devandita estrada e, se proceda á colocación de sinalización normalizada; solicitude de informe ó Sr. Aparalledor municipal sobre a seguridade da obra que se está executando no entorno da Casa de Cultura e se adopten as medidas precisas xa que no caso contrario darán conta ó gabinete de seguridade e hixiene da Xunta de Galicia; que se solucione o tema das chaves da Casa de Cultura, xa que a teñen diversas persoas e solicita que se convoque unha comisión para dar conta das contas da Feira do Viño.

E sendo as nove menos cuarto da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.